

VIEIROS

Xestionado por [Vieiros](#)

Novo disco

'Na flor dos meus anos'

Música tradicional e lembranzas co novo álbum en solitario da Señora Carme.

Redacción - 11:30 21/12/2007

Con 82 anos e en mellor forma que nunca. A [Señora Carme](#) vén de sacar ao mercado musical un novo traballo conformado por 12 cancións nas que conta coa colaboración de grandes da música portuguesa e galega, como Dulce Pontes, Uxía, Xosé Manuel Budiño ou Rodrigo Romaní, entre outros.

A enerxía desta muller queda recollida tamén nun DVD, onde a Señora Carme amosa o seu lado máis humano, recordando os seus inicios na música cando de moza, despois dunha dura xornada de traballo no campo, achegábase até o muíño para entoar as melodías que a acompañarían durante toda a súa vida. As lembranzas daquela época, unha Galiza completamente diferente da actual, xorden dos 12 temas de *Na flor dos meus anos*. O disco inclúe tamén varios videoclips e un “como se fixo”.

Para completar este lanzamento musical, o escritor Fran Alonso preparou un libro no que nos amosa o lado máis humano desta muller traballadora. A Señora Carme xa traballou noutros proxectos musicais, forma parte do grupo Malvela, dirixido pola cantante Uxía, que conta con tres discos no mercado e máis de 10.000 copias vendidas.

Aquí a temos en imaxes no seu primeiro videoclip: